



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2019/20 |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|-----------|
| Asignatura (*) | Instrumentos financeiros derivados | | | Código | 611448005 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Banca e Finanzas | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 3 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Empresa | | | | |
| Coordinación | Vizcaino Gonzalez, Marcos | Correo electrónico | marcos.vizcaino@udc.es | | |
| Profesorado | Vizcaino Gonzalez, Marcos | Correo electrónico | marcos.vizcaino@udc.es | | |
| Web | moodle.udc.es | | | | |
| Descrición xeral | Coñecer os instrumentos financeiros derivados, con especial atención aos modelos de valoración, ás consecuencias do uso destes instrumentos, e á consideración crítica das vantaxes e desvantaxes de cada instrumento ou estratexia nun contexto específico. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|--|
| A26 | Saber qué son os instrumentos financeiros derivados, como se pode acceder á súa utilización, para qué serven, en qué caso convén utilizar uns ou outros produtos |
| A27 | Valorar criticamente a utilización dos instrumentos financeiros derivados en determinadas ocasións sabendo as vantaxes ou desvantaxes que poderían proporcionar |
| B2 | Planificación para a resolución de problemas. |
| B3 | Uso adecuado dos medios e sistemas de información dispoñibles. |
| B6 | Pensamento crítico e avaliación das accións propias e alleas. |
| B7 | Habilidade para traballar de forma autónoma e tomar decisións. |
| B13 | Capacidade para adaptarse a novas situacións, flexibilidade. |
| B14 | Análise e toma de decisións en materia de riscos financeiros e de investimento |
| B16 | Utilización de técnicas estatísticas e econométricas para a resolución de problemas específicos no ámbito das finanzas e a banca |
| B17 | Comprensión do concepto de valor temporal do diñeiro e aprendizaxe dos instrumentos de matemáticas financeiras que o utilizan para resolver distintos problemas no ámbito das finanzas |
| B18 | Adquisición da capacidade necesaria para analizar a situación financeira da empresa nun momento determinado, establecemento das correccións adecuadas e planificación do seu futuro |
| B23 | Coñecemento dos principais aspectos que abarca a actividade bancaria |
| B24 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a menudo nun contexto de investigación |
| B25 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |
| B26 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B27 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| B28 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo. |

Resultados da aprendizaxe



| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|--|--|
| | AP26 | BP3 | |
| Coñecer o concepto, tipoloxía, características, operativa e finalidades dos instrumentos financeiros derivados | AP26 | BP3 BP23 | |
| Coñecer as consecuencias da aplicación práctica dos instrumentos financeiros derivados, con especial atención á determinación do resultado do seu uso | AP26 | BP2 BP3 BP18 | |
| Coñecer e aplicar os principais modelos de valoración de instrumentos financeiros derivados | AP26 | BP2 BP16 BP17 BP24 BP28 | |
| Considerar criticamente o uso dos instrumentos financeiros derivados, determinando as vantaxes e desvantaxes de cada instrumento e estratexia nun contexto específico | AP27 | BP6 BP7 BP13 BP14 BP25 BP26 BP27 BP28 | |
| Desenvolver habilidades para superar o exame de certificación EFA | AP26 AP27 | BP2 BP3 BP6 BP7 BP13 BP14 BP16 BP17 BP18 BP23 BP24 BP25 BP26 BP27 BP28 | |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Introducción. Forwards, futuros e swaps | 1.1. Risco financeiro e instrumentos derivados 1.2. Mercado de derivados: organizado e non organizado (OTC) 1.3. Mercado de futuros: organización e funcionamento 1.4. Tipos de contratos: forward (OTC) e futuros 1.5. Formación xeral de prezos e aplicacións prácticas: operacións de cobertura e arbitraje 1.6. Permutas financeiras (swaps) |
| 2. Opcións, estruturados e outros produtos | 2.1. Mercado de opcións. Tipos de contratos 2.2. A prima. Modelos de valoración 2.3. Aplicacións prácticas e combinacións de opcións 2.4. Produtos complexos e outros derivados 2.5. Derivados exóticos e produtos estruturados |



| Planificación | | | | |
|----------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A26 B3 B23 B24 | 8 | 20 | 28 |
| Solución de problemas | A27 B2 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B25 B26 B27 B28 | 10 | 30 | 40 |
| Proba de resposta múltiple | A26 A27 B2 B3 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B23 B24 B25 B26 B27 B28 | 1 | 1 | 2 |
| Proba mixta | A26 A27 B2 B3 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B23 B24 B25 B26 B27 B28 | 2 | 2 | 4 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos teóricos e prácticos da materia. |
| Solución de problemas | Actividades, individuais ou en grupo, que poden implicar o uso das TIC. |
| Proba de resposta múltiple | Probas que se realizarán durante o período de clases. |
| Proba mixta | Exame teórico-práctico dos contidos da materia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral Solución de problemas | As titorías para todo o alumnado (incluído o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia) celebraranse nos horarios anunciados ao inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia. Neses horarios, o alumnado será atendido para aclarar as dúbidas que se lle plantexen na preparación da materia. Antes de acudir a titorías, recoméndase ao alumnado que empregue o correo electrónico do profesorado para plantexar a data e hora da súa preferencia (dentro das anunciadas para as titorías), indicando a materia á que se refire, coa finalidade de facilitar a xestión e efectividade das mesmas. |

| Avaliación | | | |
|----------------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Solución de problemas | A27 B2 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B25 B26 B27 B28 | Durante o período de clases realizaranse varias actividades, individuais ou en grupo. Poden implicar o uso das TIC e, de requirirse entregables, o seu envío será en formato dixital. Valorarase a participación activa e o aproveitamento, e suporán en conxunto o 12% da cualificación final. | 12 |
| Proba de resposta múltiple | A26 A27 B2 B3 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B23 B24 B25 B26 B27 B28 | Durante o período de clases realizaranse varias probas. Non terán carácter liberatorio e suporán en conxunto o 24% da cualificación final. | 24 |



| | | | |
|-------------|--|---|----|
| Proba mixta | A26 A27 B2 B3 B6 B7 B13 B14 B16 B17 B18 B23 B24 B25 B26 B27 B28 | Exame da materia que supón o 64% da cualificación final. Celebrarase en primeira e segunda oportunidade. En ningún caso será posible obter con este exame a parte da cualificación correspondente ao resto das actividades de avaliación. | 64 |
|-------------|--|---|----|

Observacións avaliación

O alumnado debe acreditar a súa personalidade, dacordo á normativa vixente, en todas as actividades de avaliación.

Os criterios de avaliación expostos aplícanse a todo o alumnado (incluído o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia), e son os mesmos para a primeira e para a segunda oportunidade. Na oportunidade adiantada, e só neste caso, haberá unha proba mixta para avaliar todas as competencias e contidos da materia, coa que se poderá obter o 100% da cualificación.

Na avaliación continua da materia, será requisito indispensable para ser avaliado a asistencia regular, con participación activa e aproveitamento, ás sesións presenciais e actividades organizadas polo profesorado da materia e a coordinación do Mestrado.

A cualificación de NON PRESENTADO outorgarase ao alumnado cuxa participación en actividades de avaliación teña unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada, segundo normativa vixente da Facultade.

En caso de acceso á realización dunha proba de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos non autorizados expresamente polo profesorado responsable, ou de realización fraudulenta dunha proba de avaliación, procederase á expulsión inmediata do alumnado implicado da proba, e aplicarase o contemplado na normativa da Universidade ao respecto.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Castellanos Hernán, Enrique (2011). Opciones y futuros de renta variable: manual práctico. Madrid: Instituto BME- Elvira, Óscar & Puig, Xavier (2015). Comprender los productos derivados: futuros, opciones, productos estructurados, CAPs, Floors, Collars, CFDs... Barcelona: Profit- Hull, John C. (2014). Introducción a los mercados de futuros y opciones. México: Pearson Educación- Knop, Roberto (2013). Manual de instrumentos derivados: cuatro décadas de Black-Scholes. Madrid: Escuela de Finanzas Aplicadas |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Boyle, Patrick & McDougall, Jesse (2018). Trading and Pricing Financial Derivatives: A Guide to Futures, Options, and Swaps. Berlin, Boston: De Gruyter- Casanovas Ramón, Montserrat (2014). Opciones financieras. Madrid: Pirámide- Hull, John C. (2018). Options, Futures, and Other Derivatives. New York: Pearson- Marroni, Leonardo & Perdomo, Irene (2014). Pricing and Hedging Financial Derivatives: A Guide for Practitioners. Chichester: John Wiley & Sons- Sacks, Jana (2016). Elementary Financial Derivatives: A Guide to Trading and Valuation with Applications. Hoboken: John Wiley & Sons |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Técnicas estatístico-económicas aplicadas/611448003

Valoración financeira/611448012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

